

Modificacións da P. D. da materia de VIOLA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de VIOLA para o curso 2019-20:

I. TODOS OS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia dos criterios de avaliación da PD en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1º GRAO ELEMENTAL:

- 2 escalas e arpexios con dous patróns de colocación da man esquerda
- 6 pezas das cales dúas deben de ser interpretadas de memoria
- 2 estudos

2º GRAO ELEMENTAL:

- 2 escalas e arpexios aplicando diferentes golpes de arco
- 6 pezas das cales dúas deben ser interpretadas de memoria
- 2 estudos técnicos

3º GRAO ELEMENTAL:

- 2 escalas e arpejos unha con cambio de posición e outra en posición fixa aplicando diferentes golpes de arco
- 3 estudos
- 2 pezas, concertinos ou concertos (unha delas de memoria)

4º GRAO ELEMENTAL:

- 3 escalas e arpejos en dúas oitavas con cambios de posición e todos os golpes de arco básicos
- 4 estudos dos cales un debe ser interpretado de memoria
- 2 pezas ou concertos (unha delas de memoria)

2º GRAO PROFESIONAL:

- 2 escalas en 3 oitavas ligadas de 4, 8 e 12 e os seus arpejos ligados de 6.
- 4 estudos (un deles de memoria).
- 2 obras das cales unha deberá ser un concerto e outra unha peza de carácter virtuoso.

4º GRAO PROFESIONAL:

- 2 escalas en 3 oitavas ligadas de 4, 8, 12 e 24 e os seus arpejos ligados de 9. Escalas de dúas oitavas de sextas e terceiras.
- 3 estudos (un deles de memoria).
- 2 obras das cales unha deberá ser un concerto e outra unha peza de carácter virtuoso
- 1 obra para viola soa

5º GRAO PROFESIONAL:

- 2 escalas en 3 oitavas ligadas de 4, 8, 12 e 24 e os seus arpejos ligados de 9. Escalas de dúas oitavas de sextas, terceiras e oitavas ligadas de 2.
- 2 estudos (1 de memoria)

- Viola soa: 2 movementos das Suites de Bach ou similar.
- 1 peza de carácter virtuoso
- 1º movemento dun concerto con cadencia, de memoria

6º GRAO PROFESIONAL:

- 2 escalas en 3 oitavas ligadas de 4, 8, 12 e 24 e os seus arpexios ligados de 9. Escalas de dúas oitavas de sextas, terceiras e oitavas ligadas de 2.
- 2 estudos (1 de memoria)
- Viola soa: 3 movementos das Suites de Bach ou similar
- 2 movementos de sonata
- 1º concerto con cadencia, de memoria

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, CentrosNet, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

Poderase convocar ao alumnado para realización de audicións por medios telemáticos similares aos empregados no desenvolvemento da docencia do terceiro trimestre. A participación será voluntaria.

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Grao Elemental

O apartado “10% Actitude e participación na aula” modifícase quedando do seguinte modo: “10% Actitude e participación na aula e nas actividades propostas polo profesorado por medios telemáticos”

– Grao Profesional

O apartado “20% Estudo individual” modifícase quedando do seguinte modo: “10% Estudo individual e 10% Actitude e participación na aula e nas actividades propostas polo profesorado por medios telemáticos”

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.